

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS E FARMACÉUTICAS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA PARA A RENOVACIÓN, CON CARÁCTER EXCEPCIONAL, DA PRESCRICIÓN DE MEDICACIÓN NON DEMORABLE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos e Farmacéuticas de Galicia, formalizaron o 18/02/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de catro anos, prorrogables.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións que rexerán a colaboración entre as partes para a realización do Programa para a renovación, con carácter excepcional, da prescrición de medicación "non demorable", considerando como tal aquela que estea identificada como tal polo Servizo Galego de Saúde en cada momento, de acordo cos criterios técnicos relacionados no propio acordo.

Quedan excluídos do programa todos aqueles tratamentos de dispensa exclusivamente hospitalaria a través dos servizos de farmacia hospitalaria.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Ao longo dos últimos anos, singularmente durante a pandemia pola Covid-19 e con posterioridade a esta, as oficinas de farmacia de Galicia foron tendo un papel cada vez máis destacado nas estratexias de saúde, colaborando estreitamente en programas de vixilancia da saúde, prevención e detección precoz de enfermidades e educación sanitaria, por exemplo, nas campañas de vacinación da poboación.

O potencial que ofrecen estas actuacións dos farmacéuticos comunitarios e o seu impacto positivo nas accións de saúde fan que se deba seguir avanzando na integración das oficinas de farmacia en diferentes estratexias que se impulsan desde o Sistema Público de Saúde de Galicia para contribuír á mellora da atención e saúde da cidadanía.

Neste contexto, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, en colaboración cos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia, concordan na necesidade de pór en marcha un programa para a renovación, con carácter excepcional, da prescrición de medicación “non demorable”, naqueles casos nos que as persoas usuarias soliciten de xeito urxente unha medicación na oficina de farmacia comunitaria e que aquela cumpra cos requisitos obxectivos previamente establecidos, naqueles casos nos que a persoa usuaria non dispoña de medicación para máis alá de 72 horas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

